

Un cambio de materiais... ¿un cambio máis profundo?

Carlos López e José A. Martínez
CEIP Valle Inclán. Perillo. Oleiros (A Coruña)
josemar@telepolis.com

Nas clases de educación física, viñamos utilizando materiais de refugallo (xornais, teas, cartón...) con bastante frecuencia: ás veces por non termos outros, ás veces por variar e outras por unha certa conciencia ecolóxica e por "cumprir" con iso dos temas transversais. Dende hai un par de cursos, vimos de traballar dun xeito máis sistemático e elaboramos, entre outras, esta proposta de traballo:

1º. RECOLLIDA DE MATERIAIS

A principio de curso entregamos unha circular en 3º e 4º de primaria na que pedimos ás familias que acheguen distintos materiais de refugallo: vasos de iogur, botellas plásticas, latas de refrescos, papel de aluminio, cilindros de cartón, restos de teas e la, caixas dos ovos... Insistimos en que deben vir limpos pero non sempre o cumpren. Resulta increíble e desbordante a resposta das nenas e nenos. Con esta fase, establecemos ademais unha canle de comunicación coas familias, que empezan a falar e pensar nas clases de educación física.

2º. SELECCIÓN E PREPARACIÓN DAS CAIXAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE ENREDOS

Cando imos recibindo o material, facemos unha primeira selección e clasificación, desbotando aqueles cortantes, manchados... Despois preparamos caixas nas que vai todo o necesario para elaborar cada un dos enredos nunha aula. Así, na caixa do BOLICHE irán:

- 30 vasos de iogur cun furado no fondo.
- 30 escarvadentes.
- 30 fíos de la duns 40 cm.
- 30 papeis de aluminio.

Isto facilitará a itinerancia polas distintas aulas cando vaíamos a construílos.

3º. CONSTRUCCIÓN DOS ENREDOS

Cada grupo-clase de 2º ciclo de primaria vaíse centrar na construción dun enredo: **boliche, cartonovo, tiratacos e bolos**. A construción farase na aula ordinaria nunha única sesión, por non limitar máis o xa reducido número de sesións de actividade física. Resulta moi gratificante ve-la súa emoción ó converter aquel material que trouxeron nun enredo bonito e divertido. Será o seu enredo e moitos non queren cedelo para as actividades de educación física, a pesar de que levaban as instrucións para poder facelos na súa casa. Podería ser unha solución que fagan dous, un para uso propio e outro para o cole, que sexa un traballo coordinado co profesorado que imparte plástica.

4º. COÑECÉMO-LOS MATERIAIS

Dedicamos unha sesión a presenta-los distintos enredos elaborados en cada aula e vemos como xogar con eles. O elemento motivador segue a ser moi elevado ó recoñece-los seus enredos e incluso os de persoas doutras aulas, pois nos recreos xa falaran deles. Con estes enredos tamén xogan os de 3º ciclo, o que lle dá un valor engadido para os "peques" de 2º ciclo.

5º. CIRCUÍTO DE PUNTERÍA

Cos enredos que construíron e outros de elaboración propia, facemos un circuítto que durará dúas sesións. En grupos de catro persoas, recibirán unha tarxeta para anotación e as normas de desenvolvemento polo circuítto, parándonos en cada unha das probas. Ademais, en cada espacio de xogo haberá un letreiro indicativo. Convértese así nun circuítto "autoxestionado": cada grupo decide a orde de realización das probas e leva o control de puntuacións. O profe limitase a intervir só en casos moi puntuais de conflitos, desaxustes...; temos así unha boa oportunidade de observar e anotar aspectos interesantes de cada persoa que participa (habilidada, integración no grupo, respecto das normas...).




CONCLUSIÓNS

Ó remate de cada sesión, e de xeito especial da última, facemos unha posta en común-avaliación con todo o grupo-clase. Os seus comentarios foron sempre moi positivos, destacando o elemento motivador (séntense suxeitos activos das clases) e o dinamismo: "saíron moi bonitos", "non cría poder pasalo tan ben cun bote de iogur". E, dun xeito especial, esa pregunta que tanto nos motiva ós profes: "¿cando xogamos outra vez?".

A nosa reflexión posterior lévanos a confirmar algunhas propostas previas: os materiais de refugallo son creativos, útiles e baratos. Coa súa utilización axudamos a destruí-lo mito de que para a práctica de actividades físico-deportivas é imprescindible efectuar gastos de diñeiro e equipamento, o que fomenta a idea de que a actividade física vai indefectiblemente unida ó consumo.

Con estes materiais, desenvolvémo-la creatividade dos primeiros anos de vida, cando o neno ou nena é quen de interaccionar con obxectos de formas múltiples e fantásticas, convertendo caixas de cartón en pazos e restos de teas en capas de Spiderman, abrindo infinitas posibilidades para cada situación concreta. Isto resulta moi necesario cando a crecente especialización nos leva a pensar que cada obxecto ten unha única función e que para cada necesidade existe unha única solución.

Por último, non podemos esquecer-lo valor ecolóxico de REUTILIZAR, nunha sociedade na que a fabricación e distribución do produto esixe un envoltorio ou recipiente moi superior en custo ó propio produto. Démoslle unha segunda oportunidade a un material que iría a aumenta-la montaña de lixo. Ademais, seguro que todos vivimos situacións nas que a caixa ten máis valor para os nenos e as nenas que o xoguete último modelo, ou as festas que montan coas caixas de embalar cando chegan os camiións con dotación de material ós centros.

BOLICHE	CARTONOVO	TIRATACOS	BOLOS
<p>Material Un vasiño de iogur. Un fio de la duns 40 cm. Papel de aluminio. Escarvadentes. Punzón.</p> <p>Construción Facemos unha boliña de papel de aluminio facendo que un pouquiño de fio de la quede dentro e o resto asome. Co punzón facemos un furado na base do iogur e introducímolo fio de la. Atoamos neste fio a metade dun escarvadente para evitar que escape polo furado e xa temos un boliche. Por suposto, admite todo tipo de decoracións, cores...</p> 	<p>Material Caixa de cartón dos ovos. Papel de aluminio ou de periódico. Tesoiras. Fio de la. Rotuladores.</p> <p>Construción Cortámola tapa de cartón dos ovos. Decoramos e rotulámola puntuación no fondo de cada furado segundo o grao de dificultade (no medio e preto da man é máis doado). Facemos un péndulo co papel e a la como o do boliche e atámolo nun bordo da caixa de ovos.</p> 	<p>Material Cilindros de cartón de papel de cocina ou hixiénico. Papel de aluminio. Tesoiras. Pegamento. Rotuladores, cartolinas, las...</p> <p>Construción Decorámolos tubos de cartón cos rotuladores, cartolinas e todo o que se nos ocorra. No extremo dun dos tubos, que sexa forte e resistente como os de papel de aluminio, colocamos un globo. Facemos boliñas de papel de prata que servirán como "munição". Metemos unha pola boca do tubo, estíramolo-lo globo e xa podemos probalo noso novo enredo.</p> 	<p>Material Botellas de plástico (de auga, leite...). Papel de periódico. Tesoiras ou cúter. Precinto. Rotuladores, pinturas, papel de cores, pegamento.</p> <p>Construción Decorámolas botellas, pintando directamente ou forrándoas con papel de cores e debuxos. Enchémo-las botellas cun tercio de auga ou area e precintámolo tapón. Facemos bolas de papel de periódico grandes e ben precintadas. Xa temos un personalizado xogo de bolos.</p> 